



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL


Xuño 2024

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Xuño 2024

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en xuño de 2024 unha caída do 3,3% con respecto a xuño de 2023; en España o descenso foi do 4,1%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo diminuíron un 3,7%, os bens de equipo un 6,9% e os bens intermedios un 7,5%. Pola súa parte a enerxía medrou un 10,1%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a: "producción de enerxía eléctrica" que achega 1,1 puntos e a "fabricación de bebidas" e a "reparación e instalación de maquinaria e equipamento", que suman 0,3 puntos cada unha a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: a "fabricación de vehículos de motor" que resta 2,8 puntos, a "confección de roupa de vestir" que detrae 0,9 puntos e a "fabricación doutros produtos minerais non metálicos" que minora 0,8 puntos a taxa interanual.



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en xuño de 2024 unha caída do 3,3% con respecto a xuño de 2023; en España o descenso foi do 4,1%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan unha caída do 3,7%, e restan 0,9 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do -6,9%, o que minora 2,3 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** diminúen un 7,5%, cunha repercusión de -1,8 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que crece un 10,1% e achega 1,7 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen na variación interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais, o descenso interanual en xuño do 3,3% débese principalmente á contribución negativa (-6,5 puntos) de quince ramas; as principais foron: a "fabricación de vehículos de motor" que resta 2,8 puntos, a "confección de roupa de vestir" que detrae 0,9 puntos e a "fabricación doutros produtos minerais non metálicos" que minora 0,8 puntos a taxa interanual.


No que respecta ás repercusións positivas (3,1 puntos) de once ramas, as principais foron: a "produción de enerxía eléctrica" que achega 1,1 puntos e a "fabricación de bebidas" e a "reparación e instalación de maquinaria e equipamento", que suman 0,3 puntos cada unha.

3. Índices por comunidades autónomas

O IPI creceu en dúas Comunidades Autónomas neste mes de xuño, Castilla – La Mancha (6,8%) e Extremadura (2,5%). Os maiores descenso rexistráronse en Illes Balears (-12,2%) e Cantabria (-9,2%).

IPI Xuño 2024

Taxas de variación en %




No que vai de ano, o índice aumenta en oito comunidades autónomas. Os maiores crecementos rexístranse en Cataluña (4,7%) e Castilla y León (4,0%).

4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.

IPI. Taxas de variación interanual (%). Ciclo-tendencia



Notas metodológicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xuño 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	95,0	-3,3	1,7	--	--
Bens de consumo	104,1	-3,7	5,0	-0,9	1,1
Bens de equipo	107,6	-6,9	-5,5	-2,3	-1,7
Bens intermedios	86,0	-7,5	-1,5	-1,8	-0,3
Enerxía	80,1	10,1	11,5	1,7	2,7
España					
Xeral	102,8	-4,1	0,3	--	--
Bens de consumo	102,9	-3,2	2,2	-0,8	0,6
Bens de equipo	114,5	-8,7	-0,1	-2,3	0,0
Bens intermedios	99,1	-2,3	0,5	-0,7	0,1
Enerxía	95,4	-1,7	-2,1	-0,3	-0,4

Fonte:INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xuño 2024

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-3,3		1,7		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	8,0	1,1	10,2	2,0	19,4
Fabricación de bebidas	5,9	0,3	17,8	0,7	3,8
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	5,0	0,3	0,0	0,0	4,8
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	36,0	0,2	-5,4	0,0	0,8
Industria do papel	10,5	0,1	10,1	0,1	1,2
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	2,6	0,1	9,8	0,3	2,8
Industria química	2,2	0,0	-4,2	-0,1	1,9
Outras industrias manufactureiras	4,8	0,0	7,8	0,1	0,7
Outras industrias extractivas	1,7	0,0	15,6	0,2	1,1
Fabricación doutro material de transporte	-0,7	0,0	14,8	0,3	1,9
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-8,9	0,0	-2,6	0,0	0,5
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-5,4	-0,1	-2,7	-0,1	2,3
Industria da alimentación	-0,9	-0,1	1,3	0,2	14,9
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-4,7	-0,2	0,0	0,0	4,6
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	-7,0	-0,2	1,4	0,0	5,1
Fabricación de mobles	-15,1	-0,2	-0,2	0,0	1,3
Industria téxtil	-29,8	-0,3	-11,4	-0,1	0,8
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-48,5	-0,3	-21,7	-0,1	1,0
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-5,2	-0,5	-3,3	-0,3	8,6
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-20,3	-0,8	-11,8	-0,4	3,2
Confección de roupa de vestir	-32,6	-0,9	-5,5	-0,1	1,8
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-16,0	-2,8	-13,2	-2,1	13,3
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*

Fonte:INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xuño 2024

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	102,8	-4,1	0,3
Galicia	95,0	-3,3	1,7
Andalucía	97,0	-8,9	-3,3
Aragón	114,8	-1,1	1,0
Asturias	88,9	-3,0	-3,6
Baleares (Illes)	113,3	-12,2	-6,4
Canarias	109,6	-1,2	3,8
Cantabria	90,1	-9,2	-6,2
Castilla - La Mancha	104,0	6,8	-0,9
Castilla y León	101,1	-0,6	4,0
Cataluña	103,9	-2,6	4,7
Comunitat Valenciana	99,5	-8,9	-4,0
Extremadura	113,7	2,5	1,2
Madrid	112,7	-4,5	-1,2
Murcia	96,9	-3,3	0,8
Navarra	107,1	-4,7	0,8
País Vasco	103,4	-6,6	-1,7
Rioja (La)	91,4	-2,3	-4,1

Fonte: IIE